



Praza do Concello s/n 15500 Fene (A Coruña) Galiza Tfno. 981 492 773 - Fax 981 492 772

Fai de Radiofusión a túa páxina de inicio [RSS](#) [BOLETÍN](#) [CONTACTO](#)*A programación das Radios Municipais Galegas*


Hoxe é Luns 20 de Abril de 2009

Radiofusión en directo

[Actualidade](#)[Participa](#)[Programas](#)[Emisoras](#)[Coñécenos](#)[Actualidade](#) > [Ficha da nova](#)[Ficha da nova](#)[Enviar comentario](#)

As universidades galegas lanzan un metabuscador con acceso aos seus recursos de información

A comunidade universitaria galega, dende un só portal web, xa dispón dun novo servizo de busca simultánea e recuperación de información, que indaga nos recursos do Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia (Bugalicia) combinados cos de cada unha das tres universidades. A plataforma denomínase Pórtico e xurde froito da cooperación entre os servizos bibliotecarios do Sistema Universitario de Galicia (SUG) máis o Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia co financiamento da Dirección Xeral de I+D da Consellería de Innovación e Industria.



Pórtico unifica servizos para investigadores e estudantes

Cultura • 20/04/2009 • Autor: Henrique Sanfiz

Unha das principais ferramentas da plataforma Pórtico é un metabuscador que lanza consultas sobre os recursos de información electrónica consorciados de Bugalicia ao mesmo tempo que nos propios dispoñibles de cada unha das universidades. Entre eles atópanse revistas, libros, bases de datos, catálogos bibliográficos, teses, patentes, normas, enciclopedias e dicionarios electrónicos, así como outros moitos en Internet, entre eles prensa electrónica ou boletíns oficiais. Os recursos de información científica on line contratados por Bugalicia cóntanse a día de hoxe en paquetes editoriais con arredor de 20.500 revistas electrónicas, incluídas as máis prestixiosas en cada área científica; 4.000 e-books, case medio cento de bases de datos con acceso, á súa vez, a milleiros de revistas a texto completo e máis de 10.500 actas de congresos ou estándares, que son elementos de consulta indispensable nas enxeñerías. A plataforma Pórtico proporciona servizos adicionais, como o xestor de enlaces SFX, unha aplicación que integra compoñentes da biblioteca dixital mediante unha xeración dinámica de enlaces. Esta ferramenta permite, logo da busca, obter o texto completo sempre que estea dispoñible, comprobar se a biblioteca dispón dunha versión impresa. E ao mesmo tempo fai posible a súa solicitude a través do servizo de préstamo interbibliotecario. A maiores podemos consultar o factor de impacto das revistas consultadas, unha variable que indica a relevancia internacional das publicacións; acceder a táboas de contidos ou resumos ou buscar outros documentos do mesmo autor. Tamén é posible exportar citas bibliográficas das consultas realizadas a Refworks, un sistema moi útil en especial para investigadores, científicos, ou docentes que estean elaborando un artigo para unha revista científica e teñen que cumprir unhas normas moi específicas de citación bibliográfica, que este

Publicidade

terra chá.xa
xornal independente da chaira

Axenda

[Jam Session co Marcos Pin Trío en Santiago](#)
21/04/2009 - 23:00
Dadó Dadá

[Compostela acolle o Encontro Universitario de Danza Contemporánea](#)
21/04/2009 - 21:00
Igrexa da Universidade

[Yllana representa "Brokers" en Ourense](#)
21/04/2009 - 20:30
Auditorio Municipal

[Kirk Lightsey Trio no XIV Ciclo de Jazz Fundación Barrié](#)
21/04/2009 - 20:30
Teatro Salesianos de Vigo

[O telefilme O Partido no Ateneo Ferrolán](#)
21/04/2009 - 19:00
Salón de actos do Ateneo Ferrolán. Rúa Magdalena, 202 Ferrol

[Santiago échese de maxia](#)
20/04/2009 - Varias horas
Teatro Principal, Praza Roxa e Praza de Praterías

[Compostela acolle o Encontro Universitario de Danza Contemporánea](#)
20/04/2009 - 21:00
Igrexa da Universidade

[Concerto de piano de Vladimir Mogilevsky en Pontevedra](#)
20/04/2009 - 20:30
Teatro Principal

[Trécola Teatro na Miteu de Ourense](#)
20/04/2009 - 19:00
Universidade Politécnica

Enquisa

¿Que liña adoptará Núñez Feijoo ao

sistema xa resolve automaticamente.

Aforro de operacións de documentación e consulta

A virtude de Pórtico é que todos estes servizos se realizan dentro dun mesmo menú, cando antes había que acudir a diferentes páxinas webs, de xeito que os usuarios gañan tempo nas súas operacións de aprovisionamento de información e outros servizos. A plataforma Pórtico está concebida para complementar e aportar valor engadido, nunca para substituír, a consulta sobre as plataformas especializadas. É especialmente útil para un achegamento xeralizado e de conxunto á información que nos interesa sobre un área de coñecemento determinada e que podemos atopar entre os recursos do Consorcio e simultaneamente sobre os de cada unha das universidades, a un tempo. A posteriori o usuario xa pode derivar nunha busca máis detallada recurrido ás plataformas especializadas. A implantación de Pórtico permite a todas as bibliotecas universitarias de Galicia manterse ao día na implantación das novas tecnoloxías da información para fornecer os servizos bibliotecarios que se prestan a toda a comunidade universitaria, para os cales o acceso electrónico á información nas mellores condicións é vital para as súas actividades científicas, docentes e de formación.

Comentarios:

< VOLTAR

fronte da Xunta de Galicia?

- Ofrecerá unha imaxe de centro dereita moderado (20%)
- Optará pola liña de Aguirre, derogando decreto do galego e anulando concurso eólico (36.9%)
- Seguirá as orientacións de Mariano Rajoy desde Madrid (43.0%)

Votar

Últimas descargas MPEG audio

[Programa A BASE DO DEPORTE do luns 20 de abril de 2009](#)

[Antonio Puga, policía local de Allariz, infórmanos das obras de remodelación da rúa Emilia Pardo Bazán](#)

[Xosé Montero, de Radio Eume, informa sobre o Congreso de Viúvas](#)

[Programa ONDA RURAL do 20 de abril de 2009](#)

[Anxo Rivas, de Radio Foz, informa da actualidade da comarca da Mariña](#)

[García Hurtado](#)

[Judith Sign, de Amigos da Terra, fala da importancia do medio ambiente na cooperación](#)

[María Bouzas, presidenta da Academia Galega do Audiovisual, fala das peticións para o novo goberno](#)

[María Bouzas, presidenta da Academia Galega do Audiovisual, revela algún detalle da gala dos Mestre Mateo](#)

[Un anaco de Riofero, na voz de Almudena Marcos](#)

[Almudena Marcos danos lectura a un fragmento de "Monbars o exterminador"](#)

[O teatro, a cultura, as novas tecnoloxías, a música para Candelas e Ruibal \(2ª parte\)](#)

[Conversa con César Candelas e Rubén Ruibal \(1ª parte\)](#)

[Radio Ordes informa da I Xornada Técnica do Cogomelo](#)

[Anxo Rivas, de Radio Foz, comenta a actualidade da comarca da Mariña](#)

[Xosé Montero, de Radio Eume, informa sobre o Plan Experimental de Emprego](#)

[Programa A BASE DO DEPORTE do venres 17 de abril de 2009](#)

[Desde Radio Allariz fálannos da elección da Festa do Boi como unha das mellores do Estado](#)

[Entrevista a Carlos Aymerich en Radiofusión](#)

[Programa ONDA RURAL do 17 de abril de 2009](#)

[Programa Onda Rural do 16 de abril de 2009](#)

[Escoita aquí Lela](#)

[O filial do Celta de Vigo é un dos rivais máis difíciles da Segunda B](#)

[O Racing de Ferrol precisa gañar o domingo, segundo David Franch](#)

[Alberto Casal, director do Xabarán Club](#)